

Germán Díaz



NOVO ESPECTÁCULO, Outras Trece Cancións bonitas

Outras Trece Cancións Bonitas é o novo espectáculo de Benxamín Otero e Germán Díaz, baseado nunha selección de melodías que camiñan entre a música tradicional e composicións máis actuais. Cancioneiros galegos, casteláns, suecos, Egberto Gismonti ou Adriano Celentano son algunhas das referencias que se poden escoitar neste concerto.

A sonoridade medieval da zanfona, a elegancia do oboe e do corno inglés, e o particular timbre dos instrumentos mecánicos crean un universo sonoro propio que retrata de maneira eficaz a nova linguaxe das músicas populares.



Benxamín Otero: corno inglés, oboe.
Germán Díaz: zanfona, instrumentos mecánicos

Neste espectáculo, pódese incorporar a colaboración de Vidya Shah, unha extraordinaria vocalista india coñecida polo seu profundo dominio das tradicións clásicas e populares. A súa voz engadirá unha nova dimensión ao traballo do dúo, tecendo a esencia intemporal da música india na súa xa rica paleta sonora.



Benxamín Otero: Corno inglés, oboe.
Germán Díaz: Zanfona, instrumentos mecánicos
Vidya Shah: Voz

BIOGRAFÍA E MÁIS...

GERMÁN DÍAZ naceu en Valladolid en 1978. cursou os seus estudos musicais na capital castelá-leonesa na especialidade de guitarra clásica, así como Filoloxía Clásica na Universidade de Valladolid e o Curso de Postgrao de Especialista Universitario en Estudos sobre a Tradición. Posteriormente estudou zanfona con mestres como Rafael Martín, Pascal Lefeuve, Laurent Tixier, Isabelle Pignol, Gilles Chabenat, Nigel Eaton, Patrick Boufard, ou Valentin Clastrier entre outros.

Perteneceu á Viellistic Orchestra, orquestra de zanfonas integrada por algúns dos mellores zanfonistas do mundo, que desaparecería no ano 2004. Trala desaparición da agrupación, Germán, formou un dúo xunto co director artístico da orquestra, Pascal Lefeuve, amais de cofundar o Symphonía Quartet, cuarteto ibérico de zanfonas, xunto con Rafael Martín, Marc Egea e Pascal Lefeuve.

Actuou por todo o mundo (Colombia, Brasil, Alxeria, Rusia, Francia, Italia, Portugal, Austria, Bélxica, Alemaña, Bulgaria, Marrocos, Eslovenia, Finlandia, Suíza, Países Baixos, Noruega, Moldavia, Ucraína, Mauricio, Estonia, República Checa, Eslovenia, China ...) en prestixiosos escenarios e festivais como o Teatro Real de Marrakech, Concertgebouw de Amsterdam, Universidade de Colombia, Reales Alcázares de Sevilla, Carnaval Jazz de Odessa -Ucraina-, Casa de arquitectos de Moscova, Amuz -Amberes-, Stans Music Festival -Suíza-, Storás Festival -Noruega-, European Jazz Night Festival -Oslo-, UER Festival -Finland-, Ethno Jazz Festival -Moldavia-, Centro Kulturbrauerei -Berlin-, Music Nits Fundación Miró -Barcelona ...

Colaborou con numerosas formacións e intérpretes como Uxía, Rao Trío, Viellistic Orchestra, Wafr Shekeldin Gibril, Pascal Lefeuve, Valentín Clastrier, Joaquín Saura, Cuarteto Medieval de Urueña, Paolo Angeli, Baldo Martínez, Tasto Solo ...

Publicou numerosas obras como solista e colaborou en máis dun centenar de gravacións. Compuxo B.S.O. para cine, teatro e televisión.

No ano 2004 creou a súa propia discográfica, Producciones Efímeras xunto con Fernando Fuentes, prestando especial atención aos traballos de zanfonistas -como Marc Egea, Matthias Loibner...-

***Para coñecer máis sobre Germán Díaz (premios, discografía, docencia, bandas sonoras...)
[píca aquí.](#)***

OUTRAS FORMACIONES DISPONIBLES

MÉTODO CARDIOFÓNICO

DÚO PEDRO PASCUAL & GERMÁN DÍAZ

LA ZANFONA Y EL CAMINO DE SANTIAGO

MÚSICA PARA MANIVELAS

MÚSICA EN GUERRA

GLOSSA NOVA

(pica nos títulos ou solicitanos información destes espectáculos)

[WEB](#) | [SPOTIFY](#) | [YOUTUBE](#) | [INSTAGRAM](#) | [FACEBOOK](#)



Management / Contratación
www.mirmidon.es
maruchy.mirmidon@gmail.com
34 667 706 241